




## Se mire por onde se mire

Benvido ás rutas de sendeirismo do Monte Xiabre. A través de 16 quilómetros vostede poderá contemplar e gozar dunha paisaxe privilexiada. Partindo dos arredores do Punto Limpo, de fácil localización e acceso, existen tres posibilidades: dúas rutas circulares, as denominadas "do monte Xiabre", de 8,6 quilómetros, e "da Cruz de Xiabre" (3,5 Qms), e unha terceira lineal, chamada "do Mirador de Bamio", de 1,5 quilómetros de percorrido. Grazas ao sistema de sinalización, é posible combinar todas as propostas en función do interese e o tempo do camiñante e do esforzo que estea disposto a realizar.

En realidade, calquera das tres opcións é un espectáculo en si mesmo. Aínda que existen treitos nos que non se ve nin o río nin o mar, si é posible disfrutar de espléndidas formacións arbóreas e grupos de cabalos salvaxes, que poñen o contrapunto ás imponentes aspas dos modernos muíños, pero sempre respirando aire puro. E dicir, a natureza e a man do home, fronte a fronte.

En calquera caso, o mellor son as vistas. O vales do Ullán e O Salnés, o río Ulla e a ría de Arousa, o parque nacional de Cortegada, Vilagarcía e o monte Lobeira, as illas de Arousa, Sálvora e Ons... as rutas do monte Xiabre son un espectáculo para os sentidos. Se mire por onde se mire.

Que o disfruten.



RUTA 1. MONTE DO XIABRE  
RUTA 2. CRUZ DO XIABRE  
RUTA 3. MIRADOR DE BAMIO



As torres eólicas forman xa parte da paisaxe do Xiabre.




Bucólicos sendeiros e caprichosas formacións rochosas son elementos comúns ás tres rutas de sendeirismo.



Subir á Cruz do Xiabre require esforzo, pero a recompensa sobrepassa calquera pena. Sena de dia ou ao atardecer.



Contemplar Vilagarcía desde Xiabre, sexa de día ou de noite, é comprender, ao fin, por que se lle coñece como a Perla de Arousa.



Ruta 4.  
FONTEFRIA - ENCORE DO CON

A apenas un quilómetro destas tres rutas, existe outra que tamén merece a súa visita: a de Fontefría ao Encoro do Con. Partindo da área recreativa de Fontefría, na que existen barbacoas de uso libre, mesas e bancos de pedra, fontes e unha ampla zona verde, a ruta encara a baixada ata o encoro do Rio do Con, onde se atopa o Centro de

Hidrobioloxía da Universidade de Santiago. Tendo en conta a dificultadealgún tramo da baixada, ofrécese dúas alternativas de percorrido.

Na ruta existen paneis informativos sobre esas alternativas e os principais fitos do sendeirismo. As sinalizadas son de cor azul.